

# XEOGRAFÍA

## 2º BACHARELATO

CURSO 2021/2022

### PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

BACHARELATO

MODALIDADE A DISTANCIA

IES SAN CLEMENTE

Profesor:

Francisco Javier Poch Gutiérrez

## ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
II.-OBXECTIVOS .....	4
III.-CONTIDOS.....	6
IV.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ( CC ) .....	12
V.-TEMPORALIZACION .....	14
VI.- Estándares de aprendizaxe. Temporalización, mínimos, procedementos e instrumentos e relación con outros elementos da programación .....	16
VII.-CRITERIOS DE AVALIACION .....	41
VIII.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	46
IX.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	47
X.- LIÑAS METODOLÓXICAS XERAIS .....	48
XI.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE .....	49
XII.-MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS .....	50
XIII.- TEMAS TRANSVERSAIS .....	50
XIV.-ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN A PROXECTOS DE CENTRO .....	51
XV.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	52
XVI.- INDICADORES DE LOGRO E MECANISMOS DE REVISIÓN/AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN .....	52

## I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Xeografía estuda a organización e as características do espazo terrestre ou paisaxe xeográfica, entendido como o conxunto de relacións entre o territorio e a sociedade que actúa nel. É dicir, estuda como o medio físico inflúe no espazo social e como as actuacións sociais modifican as interrelacións dos factores naturais.

A Xeografía contribúe á consecución dos obxectivos do Bacharelato tanto polo obxecto do seu estudo, o espazo xeográfico, como pola metodoloxía utilizada para a construción deste saber e as actitudes e os valores cívicos que fomenta.

Esta proposta Didáctica está pensada para a materia de Xeografía, encadrada no 2º curso do Bacharelato, e foi realizada tendo en conta a finalidade do Bacharelato, os seus obxectivos e os contidos específicos da materia que se recollen no novo currículo adaptado ao marco LOMCE. Estamos a falar do Decreto 86/2015, do 25 de Xuño, polo que se establece a estrutura curricular do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Segundo o cal, unha das principais metas desta etapa educativa, é a de proporcionarlle ao alumnado madurez intelectual e humana, contribuíndo a súa formación xeral e capacitalo para acceder a estudos superiores.

En canto á contextualización desta proposta didáctica, está pensada para desenvolverse no marco das ensinanzas do Bacharelato a distancia que se imparte no IES San Clemente de Santiago de Compostela. Este tipo de modalidade educativa, condiciona a práctica docente e a aplicación desta programación, diferenciándoa nalgúns aspectos do modelo de educación ordinaria presencial.

Os alumnos e alumnas para os cales está pensada a aplicación desta programación na materia de Xeografía, traballan fundamentalmente a través da “Aula Virtual” do centro. Realizando a práctica totalidade da interacción co profesor a través das novas tecnoloxías. Polo tanto, o correcto manexo desta aula, tanto polo profesor como polos alumnos e alumnas, será motivo clave do éxito na aplicación desta programación da materia.

O factor distancia, e a necesidade de superalo, son sen dúbida un dos elementos que teremos que engadir e contemplar nesta proposta. Débese comentar, que este tipo de ensinanza a distancia, está pensada para favorecer as diferentes situacións que se lle poden presentar ao alumnado, dende dificultades de conciliación familiar cun horario presencial ata incompatibilidade cunha xornada laboral. Son estes posibles casos, cos que nos atoparemos ao longo do curso.

Polo tanto, a especificidade deste tipo de ensinanza, condiciona unha particular práctica docente e contextualiza a totalidade da nosa programación. Ao longo desta, tentaremos facer

referencia as particularidades da docencia a distancia, mencionando as medidas levadas a cabo para responder correctamente a esta realidade.

## II.-OBXECTIVOS

O Decreto curricular de referencia para a nosa programación, Decreto 86/2015, do 29 de Xuño, non fixa uns obxectivos concretos e específicos para esta materia. O que non quere dicir que estes non existan nin sexan necesarios e fundamentais na nosa programación.

A materia de Xeografía, en canto integrada na etapa pos obrigatoria de Bacharelato, debe contribuír tamén á consecución dos **obxectivos xerais de etapa** fixados polo Decreto Curricular de referencia:

- a) **Exercer a cidadanía democrática**, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.*
- b) **Consolidar unha madureza persoal e social** que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*
- c) **Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real** e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*
- d) **Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina**, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
- e) **Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita**, a lingua galega e a lingua castelá.*
- f) **Expresarse con fluidez e corrección** nunha ou máis linguas estranxeiras.*
- g) **Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías** da información e da comunicación.*
- h) **Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo**, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.*
- i) **Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais**, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.*

**l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.** Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

**m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.**

**n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria,** así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

**ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.**

**o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.**

**p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia,** e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Ademais destes obxectivos xerais a cuxa consecución deberá contribuír esta materia, detallamos a continuación unha serie de **obxectivos específicos da materia** relacionados cos contidos:

**1. Identificar e comprender os elementos básicos da organización territorial** para explicar o espazo como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na que interveñen múltiples factores.

**2. Comprender e explicar a realidade xeográfica de España e de Galicia,** como un espazo dinámico que é o resultado da interacción de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais que actuaron nun marco natural e histórico.

**3. Coñecer e comprender a diversidade e a pluralidade do espazo xeográfico español,** caracterizado polos grandes contrastes e a complexidade territorial derivados dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelando a sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.

**4. Explicar a posición de España e de Galiza no mundo globalizado,** no que coexisten, á vez, procesos de uniformización da economía e de desigualdade socioeconómica, prestando unha atención especial á Unión Europea, ás súas características xeográficas e ás consecuencias da súa integración en España e en Galiza.

**5. Valorar a función do medio natural, dos recursos naturais e das actividades produtivas** na configuración do espazo xeográfico español.

**6. Entender a poboación como axente xeográfico dinámico,** con características cuantitativas e cualitativas.

**7. Comprender a interdependencia de todos os territorios que integran España,** así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais, para desenvolver actitudes de

coñecemento, respecto, aprecio e cooperación cara ós espazos próximos e afastados ao hábitat do alumnado.

**8. Adquirir conciencia espacial para participar de forma activa e responsable** nas decisións que lle afecten á ordenación do territorio e recoñecer a necesidade de potenciar o equilibrio natural e a equidade social, aplicando a perspectiva de xénero

**9. Valorar o potencial da tecnoloxía xeográfica para resolver os desastres naturais,** facer máis habitables as cidades e pór estas ferramentas ao servizo dos máis desfavorecidos.

### III.-CONTIDOS

Curso: 2º de bacharelato

Materia: Xeografía

	Contidos		Referencia no Decreto 86/2015
	Unidade	Contidos específicos	
1ª avaliación	1. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica	España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade	B2.1.
		Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	B2.2.
		Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3.
		Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4
		Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5.
		Corte topográfico: realización e análise	B2.6.
		Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características	B2.7.

	Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.	B1.4
<b>2. A diversidade climática de España</b>	Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1.
	Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1.
	Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3.
	Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4.
	Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	B3.5.
	Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6.
	Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7.
	<b>3. A diversidade vexetal e hídrica de España</b>	Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.
Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliseries de vexetación		B3.9.
Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes		B4.1.
Vertentes hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.		B4.2.
Réximes fluviais predominantes		B4.3.
Zonas húmidas en España.		B4.4.
Aproveitamento dos recursos hídricos: incidencia da seca e das chuvias torrenciais		B4.5.
Augas subterráneas.		B4.6.
<b>4. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza</b>	Paisaxes naturais españolas.	B5.1.

	<b>e sociedade</b>	Influencia do medio na actividade humana. Políticas favorecedoras do patrimonio natural	B5.2.
		Os medios humanizados e a súa interacción no espazo xeográfico. Paisaxes culturais.	B5.3.
		Aproveitamento sustentable do medio físico.	B5.4.
		Variedades de paisaxes naturais.	B5.5.
		Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	B1.2.
<b>2ª avaliación</b>	<b>5. A poboación española</b>	Fontes para o estudo da poboación. Procedementos de análise en demografía	B6.1.
		Evolución histórica.	B6.2.
		Movements naturais de poboación	B6.3.
		Distribución territorial da poboación.	B6.4.
		Migracións.	B6.5.
		Mapa da distribución da poboación española.	B6.6.
		Mapa de densidade da poboación española.	B6.7.
		Conformación do espazo demográfico actual. Definición e cálculo de taxas demográficas.	B6.8.
		Diversidades rexionais. Estrutura, problemática actual e posibilidades de futuro da poboación española. Realidade demográfica galega.	B6.9.
		Ordenación do territorio. Peso do factor demográfico.	B6.10.
	Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1.	
<b>6. O espazo rural e as actividades do sector</b>	Peso das actividades agropecuarias, forestais e pesqueiras no PIB. Poboación activa.	B7.1.	



	<b>primario</b>		
		Aspectos naturais e históricos que explican os factores agrarios	B7.2.
		Elementos que conforman as paisaxes agrarias. Paisaxes agrarias de España: características.	B7.3.
		Estrutura da propiedade e tenencia da terra.	B7.4.
		Explotacións agrarias: características. Tipos de agricultura: coexistencia de formas avanzadas e tradicionais. Transformacións agroindustriais.	B7.5.
		Políticas de reforma agraria. Situación española do sector no contexto da Unión Europea. Política Agraria Común (PAC).	B7.6.
		Actividade pesqueira: localización, características e problemas. Análise dos aspectos físicos e humanos que conforman o espazo pesqueiro. Caso galego.	B7.7.
		Silvicultura: características e desenvolvemento no territorio.	B7.8.
		Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6.
	<b>7. As fontes de enerxía e o espazo industrial</b>	Proceso de industrialización español: características e breve evolución histórica	B8.1.
		Localización das fontes de enerxía en España.	B8.2.
		Achega ao PIB da industria. Poboación activa. Deficiencias e problemas do sector industrial español	B.8.3.
		Elementos das paisaxes industriais. Tipoloxías de paisaxes	B8.4.
		Rexións industriais e eixes de desenvolvemento de España: importancia das políticas territoriais no sector. Planificación e perspectivas de futuro.	B8.5.
		Influencia da política da Unión Europea na	B8.6.

		configuración da industria española.		
		Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6.	
	<b>8. O sector servizos</b>		Terciarización da economía española: influencia no PIB. Poboación activa do sector terciario.	B9.1.
			Análise dos servizos e distribución no territorio.	B9.2.
			Sistema de transportes en España. Impacto das infraestruturas sobre o espazo xeográfico.	B9.3.
			Desenvolvemento comercial: características, evolución e distribución territorial.	B9.4.
			Espazos turísticos: características e evolución.	B9.5.
			Outras actividades terciarias: sanidade, educación, finanzas e servizos públicos.	B9.6.
			Transformacións das paisaxes nas zonas turísticas. Caso do litoral.	B9.7.
			Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6.
<b>3ª avaliación</b>	<b>9. O espazo urbano</b>		Concepto de cidade e a súa influencia na ordenación do territorio.	B10.1.
			Morfloxía e estrutura urbanas. Análise socioeconómica e política a través do plano da cidade.	B10.2.
			Planificacións urbanas. Instrumentos do planeamento.	B10.3.
			Características do proceso de urbanización. Areas de influencia	B10.4.
			Características da paisaxe urbana.	B10.5.
			Usos do solo urbano. Ordenación territorial.	B10.6.
			Rede urbana española. Características do proceso de crecemento espacial das cidades.	B10.7.
			Sistema urbano español: desenvolvemento sustentable. Cidades saudables. O territorio como recurso.	B10.8.

	Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3
	Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite	B1.6.
<b>10. Formas de organización territorial</b>	Organización territorial de España.	B11.1.
	Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial.	B11.2.
	Desequilibrios e contrastes territoriais.	B11.3.
	Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia.	B11.4.
	A cuestión territorial na España das autonomías.	B11.5.
	Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6.
	Técnicas cartográficas	B1.5.
<b>11. España en Europa</b>	España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política.	B12.1.
	España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.	B12.2.
	Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.	B12.3.
	Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	B1.2.
	Técnicas cartográficas	B1.5.

	<b>12. España no mundo</b>	España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.	B12.4.
		Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais	B12.5.
		Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais.	B12.6.
		Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3.
		Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite	B1.6.

#### IV.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ( CC )

A LOMCE, fixa tamén para a etapa do Bacharelato, unha serie de competencias clave que o alumno/a debe seguir traballando logo do seu paso pola educación secundaria obrigatoria, a fin de acadar a súa plena consecución. Polo tanto, consideramos preciso o seu reforzo a fin de afondar neste obxectivo.

Posto que estamos a falar dunha modalidade de educación a distancia, o traballo destas competencias, vai supor a adopción de metodoloxías novidosas e orixinais que posibiliten ao alumnado a súa plena capacitación. A continuación expóñense unhas liñas de traballo en cada unha das competencias. Para posteriormente, no apartado seguinte, relacionar estas competencias con cada un dos estándares das unidades didácticas.

**1. Comunicación lingüística (CCL).** Traballarase a través do tratamento de fontes bibliográficas presentes na biblioteca do centro, en Internet, revistas ou xornais. Así mesmo, traballando a correcta estruturación sintáctica e a corrección ortográfica nos comentarios de textos, gráficas ou todo tipo de documentos.

**2. Matemática e ciencia e tecnoloxía (CMCCT).** Mediante a análise e comentario crítico de conxunto de gráficas económicas, táboas de datos, pirámides de poboación. Introduciremos a análise lóxica e aritmética. Tamén mediante o cálculo de porcentaxes por exemplo; de poboación desempregada, activa ou por sectores. Igualmente no comentario dos hidrogramas (caudal de ríos, coeficiente de estíaxe...)

**3. Dixital (CD).** Especialmente presente nesta modalidade de educación a distancia, xa que practicamente todo o traballo diario e a interacción alumnos/profesor, realízase a través da aula virtual. O manexo correcto e fluído desta ferramenta, requirirá dunha supervisión e asesoramento continuo por parte do profesor/titor. Traballaremos diariamente cos recursos informáticos e audiovisuais da propia aula virtual e outras TICs presentes no centro.

**4. Aprender a aprender (CAA).** Traballaremos esta competencia mediante a síntese de datos a través da elaboración de cadros resumo, táboas, esquemas conceptuais ou liñas de tempo. Procuraremos especialmente a formación crítica á hora de realizar unha busca selectiva de información na rede. Tamén mediante dinámicas e metodoloxías de traballo grupal.

**5. Sociais e cívicas(CSC).** Relacionaranse os contidos da materia con acontecementos ou fenómenos relevantes e identificables da realidade cotiá. Tamén realizaremos reflexións e xuízos razoados ou debates sobre feitos que se poden incluír no campo de estudo da xeografía (cambio climático, desigualdades mundiais, taxas de paro, enerxías renovables...)

6. Como formación transversal , a Xeografía, **capacita para a introdución do variable xénero en todos os traballos xeográficos das diversas especialidades tanto de xeografía física, como de xeografía humana e de análise xeográfica rexional.** As leis españolas a **Lei Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei de Igualdade** –pioneiras a nivel mundial- da primeira década do terceiro milenio **subliñan a necesidade de formar sobre a situación da muller e incorporar a perspectiva de xénero en todas as disciplinas académicas, e en todos os niveis educativos de forma transversal e con materias específicas. Esta formación é a base para cambiar os comportamentos de discriminación da muller no mundo transmitindo a igualdade de dereitos de mulleres e homes que a longo prazo leve a acabar coa violencia machista e pódase actuar sobre a realidade co obxectivo de conseguir un mundo máis igualitario e xusto.**

**7. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).** Apóstase polo desenvolvemento autónomo e independente do alumando a partir do manexo da súa propia capacidade de aprendizaxe a través da aula virtual. Xerando pautas de responsabilidade e autocontrol do seu propio proceso de aprendizaxe. Favorecerase así mesmo, o desenvolvemento de experiencias innovadoras a través dos recursos de interacción e comunicación que posibilita a aula virtual do centro.

**8. Conciencia e expresións culturais (CCEC).** Traballaremos a conciencia e a proxección cultural das características xeográficas dun territorio a través de fontes diversas como vídeos, entrevistas... É dicir, como a morfoloxía e a estrutura físico-humana do territorio xeográfico configura xeitos de pensar e expresións culturais diversas. Especialmente centrarémonos no caso galego.

#### V.-TEMPORALIZACION

A secuencia de contidos organízase en 12 unidades didácticas que dividiremos de xeito equilibrado ao longo do curso. A temporalización establécese da seguinte maneira:

**Primeiro trimestre: Temas 1, 2, 3 e 4**

**Segundo trimestre: Temas 5, 6, 7 e 8**

**Terceiro trimestre: Temas 9, 10, 11 e 12**

1ª Avaliación	1ª Quincena	1. <u>O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica</u>
	2ª Quincena	2. <u>A diversidade climática de España</u>
	3ª Quincena	3. <u>A diversidade vexetal e hídrica de España</u>

	4 <sup>a</sup> Quincena	4. <u>As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade</u>
2 <sup>a</sup> Avaliación	1 <sup>a</sup> Quincena	5. <u>A poboación española</u>
	2 <sup>a</sup> Quincena	6. <u>O espazo rural e as actividades do sector primario</u>
	3 <sup>a</sup> Quincena	7. <u>As fontes de enerxía e o espazo industrial</u>
	4 <sup>a</sup> Quincena	8. <u>O sector servizos</u>
3 <sup>a</sup> Avaliación	1 <sup>a</sup> Quincena	9. <u>O espazo urbano</u>
	2 <sup>a</sup> Quincena	10. <u>Formas de organización territorial</u>
	3 <sup>a</sup> Quincena	11. <u>España en Europa</u>
	4 <sup>a</sup> Quincena	12. <u>España no mundo</u>

## VI.- Estándares de aprendizaxe. Temporalización, mínimos, procedementos e instrumentos e relación con outros elementos da programación

Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico							
2	5	B1.1. Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.	B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos.	XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos.	Define acertadamente a finalidade da xeografía e das súas principais ferramentas e procedementos de traballo	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	4	B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.	B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.	XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas.	Recoñece a partir dun documento gráfico as principais paisaxes xeográficas	CMCCT CAA CCL	Corrección da proba escrita de coñecementos
				XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas.	Cita e define as principais características das paisaxes xeográficas	CMCCT CAA	Corrección da proba escrita de coñecementos
3	10	B1.3. Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.	B1.3. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico	XHB1.3.1. Utiliza adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica.	Aplica algunhas ferramentas da xeografía para resolver problemas concretos	CMCCT CAA CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	1	B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico	B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.	XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo.	Extrae a principal información dun mapa topográfico	CMCCT CAA	Corrección da proba escrita de



Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
		nacional a escala 1:50.000.				CD	coñecementos
			XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas.	Recoñece e comenta a información que se representa nun mapa	CMCCT CD	Corrección da proba escrita de coñecementos	
3	11,12	B1.5. Técnicas cartográficas.	B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.	XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural.	Diferencia nunha imaxe ou documento entre paisaxe natural e cultural	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
2,3	7, 8, 9, 10, 11, 12,13	B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.	B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.	XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico.	Identifica un plano, imaxe de satélite ou mapa e extrae as principais conclusións logo da análise do mesmo	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica							
1	1	B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.	B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.	XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características.	Identifica os trazos definitorios do espazo xeográfico español, sinalando os aspectos que o dotan de unidade e tamén os elementos que ocasionan diversidade	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	1	B2.2. Relevo español:	B2.2. Describir os trazos do relevo	XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os	Describe os trazos do relevo	CMCCT	Corrección da

Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
		diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.	español, situando e analizando as súas unidades de relevo.	elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular.	español e identifica e describe brevemente as unidades do relevo	CAA CCL CD	proba escrita de coñecementos
1	1	B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.	B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.	XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España.	Diferencia as unidades morfoestruturais do relevo español	CMCCT CAA CCL	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	1	B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.	B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.	XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características xeomorfolóxicas.	Diferencia as zonas litolóxicas de España e as súas características básicas	CMCCT CAA CCL	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	1	B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha.	B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.	XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español.	Manexa conceptos do vocabulario de xeomorfoloxía	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	1	B2.6. Corte topográfico: realización e análise.	B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.	XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte.	Aplica os coñecementos á resolución de casos prácticos referentes a documentos sobre o relevo como poden ser bloques diagramas ou cortes topográficos	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos

Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
1	1	B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.	B2.7. Identificar as características edáficas dos solos.	XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España.	Diferencia os tipos de solos españois	CMCCT CAA CCL	Corrección da proba escrita de coñecementos
				XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares.	Localiza nun mapa os tipos de solos peninsulares e insulares	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación							
1	2	B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima.	B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.	XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España.	Localiza os climas nun mapa de España	CMCCT CA CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	2	B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas.	B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferencíalos.	XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos.	Describe as principais características dos climas de España	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	2	B3.3. Dominios climáticos españois: factores limitantes.	B3.3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.	XHB3.3.1. Representa e comenta climogramas específicos de cada clima.	Identifica e comenta acertadamente climogramas de cada clima español	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos

Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
1	2	B3.4. Variabilidade climática. Temperatura e precipitación.	B3.4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.	XHB3.4.1. Comenta as características dos climas españois a partir dos seus climogramas representativos.	Identifica e comenta acertadamente climogramas de cada clima español	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	2	B3.5. Situacións sinópticas e tipos de tempo atmosférico en España.	B3.5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.	XHB3.5.1. Enumera os trazos dos tipos de tempo atmosférico reflectidos nas estacións climatolóxicas.	Enumera os tipos de tempos posibles en España	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
				XHB3.5.2. Identifica e interpreta nun mapa do tempo os elementos que explican os tipos de tempo atmosférico.	Identifica a partir dun mapa o tipo de tempo que se representa	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	2	B3.6. Mapas do tempo, altura e superficie: análise e interpretación.	B3.6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.	XB3.6.1. Comenta un mapa do tempo de España distinguindo os elementos que explican o tipo de tempo característico da estación do ano correspondente.	Extrae a partir dun mapa do tempo, información referente á época/estación do ano na que se produce ese tempo concreto de xeito maioritario	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	2	B3.7. Escenarios de cambio climático en diferentes dominios do territorio peninsular e insular.	B3.7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.	XHB3.7.1. Analiza como afecta a España o cambio climático.	Coñece os principais efectos do cambio climático sobre España	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
				XHB3.7.2. Extrae conclusións ambientais,	Reflexiona sobre as	CMCCT	Corrección da

Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
				utilizando gráficas e estatísticas que reflicten as chuvias torrenciais.	consecuencias do cambio climático	CAA CCL CD	proba escrita de coñecementos
1	3	B3.8. Factores xeográficos e características da vexetación. Rexións bioxeográficas.	B3.8. Identificar as rexións vexetais.	XHB3.8.1. Identifica nun mapa os dominios vexetais, e describe e comenta as súas características.	Localiza nun mapa os dominios vexetais e sinala as súas características	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	3	B3.9. Formacións vexetais españolas e a súa distribución. Análise de cliserias de vexetación.	B3.9. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.	XHB3.9.1. Ante unha paisaxe natural, identifica as formacións vexetais que aparecen.	Ante unha imaxe de paisaxe natural, recoñece as principais formacións vexetais	CMCCT CA CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
				XHB3.9.2. Analiza razoadamente unha cliserie.	Identifica unha cliserie e comenta os seus principais apartados	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
Bloque 4. A hidrografía							
1	3	B4.1. Diversidade hídrica da península e das illas. Principais elementos hídricos nas paisaxes.	B4.1. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.	XHB4.1.1. Explica a diversidade hídrica en España.	Recoñece a diversidade hídrica en España	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	3	B4.2. Vertentes	B4.2. Describir as cuncas fluviais	XHB4.2.1. Localiza nun mapa de España as	Localiza nun mapa as principais	CMCCT	Corrección da

Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
		hidrográficas. Principais cuncas fluviais peninsulares.	españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.	principais cuncas fluviais.	cuncas fluviais españolas	CAA CCL CD	proba escrita de coñecementos
1	3	B4.3. Réximes fluviais predominantes.	B4.3. Identificar os réximes fluviais máis característicos.	XHB4.3.1. Relaciona os réximes hídricos dos cursos fluviais coas posibilidades de aproveitamento hídrico en España.	Relaciona os réximes hídricos con algún aproveitamento humano	CMCCT CAA	Corrección da proba escrita de coñecementos
1	3	B4.4. Zonas húmidas en España.	B4.4. Enumerar as zonas húmidas de España, localízalas nun mapa e comentar as súas características.	XHB4.4.1. Localiza nun mapa as zonas húmidas españolas, e debate un aspecto de actualidade sobre este tema.	Localiza as principais zonas húmidas nun mapa e aporta algunha reflexión sobre o seu estado	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
				XHB12.3.2. Comenta novas xornalísticas ou textos que explican a posición de España na Unión Europea.	Comenta un extracto de nova xornalística sobre unha determinada posición de España mantida na Unión Europea, contrastándoa con outros argumentos doutros Estados membros	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
3	12	B12.4. España no mundo. Globalización e	B12.4. Definir a globalización e explicar os seus trazos.	XHB12.4.1. Identifica e describe os trazos da globalización con exemplificacións que afecten	Identifica algúns trazos que definen a actual	CMCCT CAA	Corrección da proba escrita de

Xeografía. 2º de bacharelato.							
Temporalización		Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles para cada estándar	Competencias clave	Procedementos e criterios de avaliación
AV	UD						
		diversidade no mundo.		a España.	globalización e que afecten concretamente a España	CCL CSC	coñecementos
3	12	B12.5. Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais.	B12.5. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos.	XHB12.5.1. Confecciona cadros comparativos da aplicación a casos concretos dos conceptos de mundialización e de diversidade territorial.	Completa cadros comparativos referentes a aspectos da mundialización e da diversidade global	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos
3	12	B12.6. Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais.	B12.6. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social.	XHB12.6.1. Explica as repercusións da inclusión de España en espazos xeopolíticos e socioeconómicos continentais e mundiais a partir de distintas fontes de información xeográfica.	Comenta e reflexiona sobre as principais consecuencias para España do fenómeno da globalización a partir dun documento de referencia	CMCCT CAA CCL CD	Corrección da proba escrita de coñecementos



## VII.-CRITERIOS DE AVALIACION

Os criterios de avaliación recollidos no Decreto 86/2015, do 29 de Xuño, preséntanse a continuación recollidos e clasificados para cada unha das Unidades programadas. Debe considerarse a súa relación en cada unidade, cos estándares e CC anteriormente mencionados, de cara a unha avaliación o máis global e integradora posible:

### **1. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica**

1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade.
2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas unidades de relevo.
3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais.
4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe.
5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía.
6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor.
7. Identificar as características edáficas dos solos.
8. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000.

### **2. A diversidade climática de España**

1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos.
2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferenciarlos.
3. Distinguir os climas en España e a súa representación en climogramas.
4. Comentar a información climatolóxica que se deduce utilizando mapas de temperaturas ou precipitacións de España.
5. Analizar os tipos de tempo atmosférico en España utilizando os mapas de superficie e de altura.
6. Interpretar un mapa do tempo aplicando as características dos tipos de tempo peninsulares ou insulares.
7. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á diversidade climática de España utilizando as fontes dispoñibles, tanto de internet como de medios de comunicación social, ou bibliografía.

### **3. A diversidade vexetal e hídrica de España**

1. Identificar as rexións vexetais.
2. Diferenciar razoadamente as formacións vexetais españolas.
3. Explicar a diversidade hídrica da Península Ibérica e nas illas, enumerando e localizando os tipos de elementos hídricos que se poden percibir coa observación da paisaxe.
4. Describir as cuncas fluviais españolas situándoas nun mapa e enumerando as súas características.
5. Identificar os réximes fluviais máis característicos.
6. Enumerar as zonas húmidas de España, localizalas nun mapa e comentar as súas características.
7. Analizar o aproveitamento dos recursos hídricos en España, incluíndo as características de seca e das chuvias torrenciais do clima.
8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á hidroloxía española, incidindo na explotación das augas subterráneas, utilizando distintas fontes de información.

### **4. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade**

1. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais españolas, identificando os seus trazos.
2. Relacionar o medio natural coa actividade humana, describindo casos de modificación do medio polo ser humano.
3. Describir os espazos humanizados e enumerar os seus elementos constitutivos.
4. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ás paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como en bibliografía ou medios de comunicación social.
5. Comparar imaxes das variedades de paisaxes naturais.
6. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais.

### **5. A poboación española**

1. Identificar as fontes para o estudo da poboación establecendo os procedementos que permiten estudar casos concretos.
2. Comentar gráficos e taxas que amosen a evolución da poboación española.
3. Caracterizar a poboación española identificando os movementos naturais.

4. Diferenciar a densidade de poboación no espazo peninsular e insular, explicando a distribución de poboación.
5. Explicar a distribución da poboación española identificando as migracións.
6. Analizar a poboación das comunidades autónomas, definindo a súa evolución e a problemática de cada unha.
7. Comentar un mapa da densidade de poboación de España, analizando a súa estrutura.
8. Analizar as pirámides de poboación das comunidades autónomas, incidindo no caso galego, e comentar as súas peculiaridades.
9. Explicar as perspectivas de poboación española e a ordenación do territorio.
10. Obter e seleccionar información de contido demográfico utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como noutras fontes de información.

## **6. O espazo rural e as actividades do sector primario**

1. Describir as actividades agropecuarias e forestais, especificando as características de España.
2. Distinguir as paisaxes agrarias, a súa morfoloxía e as súas estruturas, establecendo as súas características.
3. Analizar adecuadamente unha paisaxe rural distinguindo o terreo de labor, os bosques e o hábitat.
4. Comprender a evolución da estrutura da propiedade e identificar formas de tenza da terra.
5. Explicar o sector agrario español tendo en conta as súas estruturas da propiedade e as características das súas explotacións.
6. Explicar a situación do sector agrario español tendo en conta o contexto europeo e as políticas da Unión Europea.
7. Analizar a actividade pesqueira, e definir as súas características e os seus problemas.
8. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo rural, silvícola ou pesqueiro, utilizando fontes dispoñibles en internet, en medios de comunicación social ou na bibliografía.
9. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes di-versas, e presentala de xeito adecuado.

## **7. As fontes de enerxía e o espazo industrial**

1. Analizar o proceso de industrialización español establecendo as características históricas que conducen á situación actual.
2. Relacionar as fontes de enerxía e a industrialización, e describir as súas consecuencias en España.
3. Coñecer os factores da industria en España.

4. Identificar e comentar os elementos dunha paisaxe industrial dada.
5. Describir os eixes de desenvolvemento industrial sobre un mapa, establecendo as súas características e as posibilidades de rexeneración e cambio no futuro.
6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo ao espazo industrial español e a influencia nel da política industrial europea, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet, como na bibliografía ou nos medios de comunicación.
7. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes di-versas, e presentala de xeito adecuado.

## **8. O sector servizos**

1. Analizar a terciarización da economía española establecendo as súas características e a influencia no produto interior bruto, e utilizar correctamente a terminoloxía do sector servizos.
2. Identificar a presenza dos servizos no territorio, analizando a súa distribución e o impacto no medio.
3. Explicar o sistema de transporte en España, distinguindo a articulación territorial que configura.
4. Describir o desenvolvemento comercial e a ocupación territorial que impón, e establecer as súas características.
5. Localizar nun mapa os espazos turísticos, e enumerar as súas características e as desigualdades rexionais.
6. Obter e seleccionar información de contido xeográfico relativo á actividade ou ao espazo do sector servizos español, utilizando fontes en que estea dispoñible, tanto en internet como na bibliografía ou nos medios de comunicación social.
7. Identificar e comentar unha paisaxe transformado por unha importante zona turística.
8. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes di-versas, e presentala de xeito adecuado.

## **9. O espazo urbano**

1. Definir a cidade.
2. Analizar e comentar planos de cidades, distinguindo os seus trazados.
3. Identificar o proceso de urbanización e enumerar as súas características e as planificacións internas.
4. Analizar a morfoloxía e a estrutura urbana, e extraer conclusións da pegada da historia e a súa expansión espacial, reflexo da evolución económica e política da cidade.
5. Analizar e comentar unha paisaxe urbana.
6. Identificar o papel das cidades na ordenación do territorio.

7. Describir a rede urbana española e comentar as súas características.
8. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ao espazo urbano español, utilizando fontes en que estea dispoñible, en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.
9. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico.
10. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes di-versas, e presentala de xeito adecuado.

## **10. Formas de organización territorial**

1. Describir a organización territorial española analizando a estrutura local, autonómica e estatal.
2. Explicar a organización territorial española e establecer a influencia da historia e da Constitución de 1978, mediante o emprego de mapas históricos e actuais.
3. Analizar a organización territorial española e describir os desequilibrios e os contrastes territoriais, así como os mecanismos correctores.
4. Describir a transcendencia das comunidades autónomas e definir as políticas territoriais que levan a cabo, incidindo no caso de Galicia.
5. Obter, seleccionar e analizar información de contido xeográfico relativo ás formas de organización territorial en España, utilizando fontes en que estea dispoñible en internet, nos medios de comunicación social ou na bibliografía.
6. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.
7. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado.

## **11. España en Europa**

1. Definir a situación xeográfica de España no mundo, establecendo a súa posición e localizando os seus territorios.
2. Describir o continente europeo distinguindo a súa estrutura territorial e os contrastes físicos e socioeconómicos.
3. Identificar a posición de España na Unión Europea, enumerando as políticas rexionais e de cohesión territorial que se practican en Europa e que afectan a España.
4. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos.

## **12. España no mundo**

1. Definir a globalización e explicar os seus trazos.

2. Comparar os procesos de mundialización e diversidade territorial, resumindo as características de ambos.
3. Explicar as repercusións da inclusión de España en espazos socioeconómicos e xeopolíticos continentais e mundiais, utilizando fontes diversas baseadas en material bibliográfico ou en liña e en opinións expostas nos medios de comunicación social.
4. Distinguir e analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico
5. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes di-versas, e presentala de xeito adecuado.

### VIII.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

De cara a configurar os criterios de cualificación da materia, debe terse en conta un aspecto fundamental. É o de que estamos a falar dunha modalidade educativa a distancia, semipresencial, onde as probas finais oficiais, representan sen dúbida unha parte fundamental para a cualificación do alumando. Hai que ter en conta, que se pode dar o caso de alumnos/as que se presenten unicamente ao exame final de avaliación ou curso sen ter asistido a ningunha clase presencial por cuestións persoais, laborais, ou doutra índole.

Así pois, e de acordo cos obxectivos do bacharelato a distancia, entre os que está, facilitar a conciliación con outras actividades por parte do alumnado, os criterios de cualificación serán os que se relatan a continuación:

Na **convocatoria ordinaria**, realizarase **unha proba escrita por avaliación**.

A cualificación será de 0 a 10 puntos en cada avaliación. Cando o resultado conteña fraccións superiores a medio punto, a nota reflectida no boletín será a da sección inmediatamente superior ( $2,75 = 3$ ); En calquera caso, a nota final da convocatoria ordinaria será o resultado da media das notas de cada avaliación, non das reflectidas nos boletíns.

Para aprobar o curso será necesario **a suma de 15 puntos** no resultado da suma da nota dos exames das tres avaliacións parciais; ou, no seu caso, **superar coa nota mínima de 5 puntos un exame final** do modelo de proba ABAU con dúas opcións da materia impartida ao longo do ano, escoller unha.

Aquel alumnado que non acade unha avaliación positiva, serán examinados de toda a materia na convocatoria extraordinaria. Non se gardarán notas de avaliacións aprobadas cara a esta proba extraordinaria.

**As probas serán de estrutura similar as propostas na ABAU e incluírán estes ou algún dos seguintes apartados:**

- **Definición breve de conceptos xeográficos**

- **Exercicio de localización ou identificación de elementos xeográficos a partir dun documento de referencia.**
- **Desenvolvemento dunha cuestión xeográfica referida aos temas principais dos contidos.**
- **Lectura, interpretación, explicación e análise crítico dun documento gráfico.**

- A nota terá que ser igual ou superior a 5 sobre 10 para dar por superada a materia.

- A nota do exame suporá o 100% da nota final.

## **IX.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA OS ESTÁNDARES**

En canto aos procedementos de avaliación para os estándares, xirarán en torno á corrección da proba escrita de coñecementos, onde se integrarán nas diversas probas ao longo do curso e en función do reparto dos estándares por unidades segundo os cadros propostos nesta programación, os seguintes aspectos fundamentais:

- Lectura comprensiva de documentos xeográficos, (textos, gráficas, mapas, imaxes...) para poder realizar comentarios e análises.
- Definición de termos clave do vocabulario xeográfico
- Localización de puntos e elementos xeográficos significativos sobre mapas.
- Localización sobre mapas das principais unidades de relevo, cursos de auga e tipos de solos.
- Elaboración e interpretación de climogramas e pirámides de poboación.
- Identificación dos factores que explican a irregular distribución da poboación.
- Localización de materias primas, fontes de enerxía e áreas industriais sobre mapas significativos.
- Análise de mapas de redes e planos urbanos.
- Obtención de información a partir de mapas temáticos.
- Análise crítica de problemas xeográficos, políticos, sociais, económicos e culturais do pasado e da actualidade.

Polo tanto, como instrumento clave de avaliación, cóntase a **proba escrita de coñecemento, que se realizará nos lugares e datas indicados polo centro.**

## X- LIÑAS METODOLÓXICAS XERAIS

Tendo en conta as características da ensinanza a distancia en canto ao contacto co profesor/a-alumnos/as, debemos empregar unha metodoloxía apropiada a este tipo de ensino que facilite a comunicación a través da aula virtual.

O profesor empregará as clases presenciais para explicar aqueles aspectos máis complexos, así como a realización dos exercicios prácticos e para aclarar as dúbidas do alumnado. O alumnado pode consultar as dúbidas que lle vaian xurdindo por distintas vías: telefonicamente, mediante correo electrónico, mediante correo ordinario, teléfono ou de xeito presencial. É importante tamén que o alumnado consulte periodicamente durante o curso a páxina web do centro, xa que é o medio que o profesor ten para transmitir calquera información adicional ou modificación dos contidos da materia. No presente curso, debido ás circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia, as clases non contarán coa presenza de alumnado. Intentarase facilitar a comunicación máis directa a través das videconferencias na medida en que os estudantes o soliciten.

A materia está integrada por dous aspectos inseparables á hora de estudar. **Un aspecto teórico**, no que o alumnado terá que estudar as unidades didácticas das guías da aula virtual, **e un aspecto práctico**, que non pode descoidar, aspecto este que comprende a elaboración, e sobre todo, interpretación de mapas, gráficas, cadros, planos, diagramas e comentarios de fotografías.

Debemos ter en conta a posibilidade de que algún alumnado se presente ás novas probas de Acceso á Universidade, ás ABAU, para aqueles e aquelas que desexen seguir estudos universitarios. Polo tanto, programaremos actividades e exercicios similares en función do rexistro histórico destas probas. Por tal motivo, as probas escritas que se van realizar, serán, como vimos anteriormente, semellantes a aquelas que dan acceso á educación Superior.

**A metodoloxía** a través da aula virtual é similar para todas as unidades. No comezo de cada unidade didáctica preséntanse os obxectivos a conseguir, unha axenda que os vai guiar polo tema e un esquema. Ao final teñen un resumo do mesmo. **Tamén deberán considerar o estudo do vocabulario xeográfico.** Terán que coñecer definicións de termos conceptuais. Así que, co fin de facilitar o estudo, proporcionaráselle un vocabulario básico con aqueles conceptos esenciais precisos para manexar a materia na primeira unidade do curso..

Proporemos, a través da aula virtual, a elaboración de exercicios que axuden a afianzar os conceptos e procedementos da materia. Estes exercicios terán carácter voluntario e unha vez corrixidos serán devolvidos ao alumnado.

As **actividades** que se elaborarán van ser de diferentes tipos. A súa complexidade debe ser variada para garantir a atención á diversidade, especialmente presente neste tipo de educación. **Atención a diversidade** que non debemos entender como só para aqueles alumnos e alumnas con dificultades, senón tamén para aqueles con maiores capacidades. Neste senso, traballaremos en coordinación co equipo de orientación, quen fará unha análise e valoración dos casos máis complexos que se presenten.

Elaboraremos, tamén, actividades de reforzo, de seguimento e de recuperación para acadar con éxito o proceso de ensino-aprendizaxe.



## XI.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Posto que estamos en 2º de Bacharelato, as medidas de atención á diversidade, deberán responder a etapa de maduración na que se atopa o alumnado. Nesta modalidade do Bacharelato a distancia, pola súa particular metodoloxía e facilidades en canto a compatibilidade de horarios con outras actividades, soe haber unha gran diversidade na tipoloxía do alumnado. Debemos ter en consideración, xa dende o primeiro momento, este feito, aínda recoñecendo a dificultade de analizar e valorar xustamente unha diversidade á que se debe responder, na maioría dos casos, dende a distancia.

Así pois, e cando sexa preciso, procuraremos adaptar certos obxectivos iniciais que nos propuxemos, realizar adaptacións na secuenciación, ampliar o abano de recursos e materiais ou tentando ofrecerlle unha atención máis personalizada aos casos que a requiran.

As Guías Didácticas coas que traballaremos, veñen complementadas con actividades moi diversas. Deste modo, poderemos deseñar estratexias de ensino-aprendizaxe adaptadas ao nivel da multitude de alumnado diverso que temos.

Para conseguir que a diversidade non sexa un obstáculo, intentaremos desenvolver a autonomía progresiva do alumnado a partir do manexo dos recursos que ofrece a aula virtual. Recursos que se poderán complementar con outros dispoñibles na rede e que faciliten a interacción e comunicación alumnado/profesor.

**As actividades de reforzo aparecerán fundamentalmente ao final de cada Tema**, no que se propoñen algunhas actividades que van dirixidas a reafirmar conceptos e procedementos. Cada tema rematará tamén cun resumo que pode facilitar o seu estudo.

Como xa dixemos, a atención á diversidade fórmulase en Bacharelato de modo diferente á ESO, tendo en conta que se trata dun nivel de ensino non obrigatorio e de orientación maioritaria, aínda que non exclusiva, cara á Universidade. Non obstante cabe establecer certo grao de flexibilidade. Tanto conceptos como procedementos poden tratarse con distinto grao de dificultade e esixencia, desde un nivel máis elemental, que correspondería aos contidos mínimos, a un maior afondamento e ampliación.

Os conceptos, á vez que se tratan cun nivel de afondamento importante, propio dun segundo curso de Bacharelato, organizanse de xeito claro e estruturado, de modo que é posible a súa lectura a distintos niveis de profundidade e resultan doadamente esquematizables.

Os procedementos trabállanse mediante actividades distintas e con diferente grao de dificultade: unhas elementais, outras máis complexas e algunhas de ampliación, que permiten tamén atender á diversidade. En todo caso, debemos seleccionalas e decidir o nivel de dificultade que presentan en función das características do noso alumnado.

Podemos adoptar unha serie de medidas para facilitar o reforzo como son: darlle diferentes tempos de realización das actividades en función dos distintos ritmos de aprendizaxe (existe na aula virtual, un calendario editable onde se pode recordar e estruturar a entrega de actividades)

Por outra banda, podemos consolidar unha proposta de actividades abertas, nas que cada alumno acade unha meta máis ou menos dificultosa segundo as súas capacidades,

Propoñemos tamén a utilización de diferentes materiais e recursos segundo as necesidades que vaian aparecendo, adoptando diferentes enfoques á hora de traballar os estándares de aprendizaxe. É dicir, poderanse traballar mediante diferentes actividades e en función das necesidades de cada alumno.

O Bacharelato semipresencial a distancia ten unhas peculiaridades propias. Isto fai que, aínda que sexamos conscientes da **diversidade** do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuatrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación, recóllense uns contidos mínimos que nos poden ser útiles de cara a gradación dos diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para acadar os aspectos mínimos do currículo.

## XII.-MATERIAIS E RECURSOS DIDACTICOS

Ademais da Guía presente na aula virtual, que se irá actualizando cada quincena do curso, o alumnado poderá utilizar o libro de texto:

Xeografía 2º de Bacharelato. Ed. Vicens Vives. 2019

É interesante que o alumnado teña tamén **un atlas xeográfico** para consulta de determinados aspectos xeográficos. Subirase á aula virtual material neste sentido.

Tamén resultan de gran utilidade **distintas páxinas web, blogs e vídeos que o profesor facilitará para a consulta de temas concretos.**

## XIII.- TEMAS TRANSVERSAIS

A LOMCE fixa como unha necesidade, a contribución de tódalas materias do currículo, á formación en valores e á interdisciplinidade de cara á formación integral do alumno/a. Dende a materia de Xeografía no 2º curso do Bacharelato, tentaremos vincular os contidos curriculares cunha serie de elementos transversais que consideramos de interese na formación do alumnado:

- **Educación ético-cívica:** Apostando por actitudes de respecto, solidariedade, valoración do pluralismo e da diversidade cultural de Europa, de España e de Galicia, das distintas posicións e opinións sobre a organización territorial e política, e tolerancia cara aos sentimentos de pertenza e de integración territorial e as ideas e opinións doutras persoas e sociedades.
- **Educación para a igualdade de xénero:** recoñecemento de situacións de desigualdade entre ámbolos sexos no actual mundo globalizado. Diferenzas e semellanzas en países desenvolvidos e subdesenvolvidos.

- **Educación ambiental:** identificación e análise de problemas ambientais, especialmente do cambio climático e interese por encontrar solucións e desenvolver comportamentos compatibles coa preservación do equilibrio ecolóxico.
- **Conservación do patrimonio xeográfico** (paisaxístico, ambiental e cultural) galego e español e do contorno como recurso e elemento importante da calidade de vida.
- **Educación para a interculturalidade**, a paz e os dereitos humanos. Analizaremos conflitos e antagonismos no actual mundo globalizado, fomentando unha actitude crítica e reflexiva cara estes problemas.

#### **XIV.-ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN A PROXECTOS DE CENTRO**

##### **1. Contribución ao Proxecto lingüístico**

A materia de xeografía é impartida en galego. O departamento usa o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa, realiza as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega, os documentos preséntanse ao alumnado en galego, os exames realizaranse en galego (salvo excepcións xustificadas).

##### **2. Proxecto Lector.**

A educación a distancia presenta características específicas marcadas polo seguimento da materia a través da aula virtual, traballando case todo cos materiais colgados nela, o que fai que a lectura sexa imprescindible para adquirir o currículo que se esixe na Xeografía de 2º de Bacharelato. A transmisión oral, sempre presente e accesible entre o alumnado e o profesor, está vinculada fundamentalmente á titoría presencial, que se desenvolve unha vez á semana, así como ás horas de atención telefónica. Deste xeito, a lectura é básica, xa que o achegamento á materia faise lendo os materiais colgados na plataforma web.

Para todos os temas tratados ao longo do curso, achegaránselle ao alumnado lecturas complementarias que o axuden a afondar nos contidos e procedementos prácticos da materia, á vez que se incentivará o seu uso a través de traballos complementarios.

Será sempre positiva a utilización de obras de lectura e manuais recomendados ou outro tipo de materiais de lectura para o desenvolvemento dos traballos ou probas de avaliación. Máis importante se cabe, para estar sempre actualizado, sobre todo en temas de xeografía humana e económica, será o traballo con xornais.

##### **3. Introducción das TICs**

No sistema de ensino deste centro o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básico de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

Nesta liña de actuación, dende este departamento procurarase:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)
- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.

## **XV.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O Bacharelato que se imparte no IES San Clemente é de carácter semipresencial, polo que as actividades complementarias, como saídas culturais, visitas relacionadas coa materia, etc. están moi condicionadas tanto por esta modalidade de ensino como polo escaso tempo material para desenvolver o currículo que se pide na materia, sobre todo coa fin de que superen as probas de acceso ao Ensino Superior. Comunicarase ao alumnado, a través da páxina da aula virtual, os acontecementos culturais máis destacados da nosa Comunidade así como calquera evento relacionado coa nosa materia, que puidera ser de interese de cara a integralo na dinámica lectiva.

Intentarase na medida do posible a proxección de material audiovisual, e no último tramo do curso, de ser posible, proporase ao alumnado un percorrido pola cidade de Santiago de Compostela co obxectivo de que coñezan o seu plano urbano, así como o desenvolvemento do seu proceso de urbanización. Nas actuais circunstancias derivadas das restrición de mobilidade para limitar o impacto da pandemia, non podemos máis que prever esa visita por medios virtuais para o conxunto do alumnado.

## **XVI.- INDICADORES DE LOGRO E MECANISMOS DE REVISIÓN/AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Coa fin de axustar á realidade docente este documento, resulta interesante considerar a posibilidade dunha avaliación tanto da propia práctica docente como da adecuación ou validez desta proposta didáctica. Meta esta, principalmente dirixida a posibilitar e facilitar a intervención ante posibles eivas ou inadecuacións deste programa.

Para tal fin, consideramos axeitado incluír unha serie de medidas tendentes a esa “avaliación da propia programación”, que se realizarán preferentemente en consenso e coordinación cos demais membros do departamento e baixo a dirección da xefatura.

Así pois, establécese que ao final de cada trimestre, se faga unha reunión valorativa dos resultados acadados en función dos obxectivos didácticos propostos. O profesor analizará tanto de xeito cuantitativo como cualitativo o porcentaxe de aprobados, o traballo das competencias clave así como as principais eivas e problemas que se presentasen. Desta análise, deberá saír un informe valorativo do período e de ser o caso, as posibles medidas de intervención/modificación da proposta educativa de cara aos próximos trimestres.

Finalmente, ao remate do curso, realizarase un novo informe de carácter retroactivo, onde se terán en conta varios indicadores de logro:

- **Adecuación da proposta docente en función dos resultados acadados**
- **Grao de consecución dos obxectivos de etapa e materia.**
- **Dificultades á hora de cumprir a temporalización de contidos programada**
- **Problemas e conflitos específicos xurdidos por cuestións programáticas da materia**
- **Estatística e evolución dos aprobados/suspensos por trimestres e de xeito final**
- **Posibles medidas de intervención e mellora en función dos resultados de curso e de cara a integrar na programación do próximo curso.**

**IES San Clemente. Santiago de Compostela**

**Curso 2021/2022**

**Asdo. Francisco Javier Poch Gutiérrez**